



EMILIA PARDO BAZÁN

— 1851-1921 —

FEMINISTA,
INTELECTUAL E
COSMOPOLITA

Emilia lectora

Emilia Pardo Bazán naceu o 16 de setembro de 1851 na Coruña, cidade que sempre aparece na súa obra como Marinada, pero pasou a súa vida adulta en Madrid.

Foi unha gran lectora desde os oito anos. Era unha nena que podía pasar horas enteiras cun libro. Na casa tiñan unha enorme biblioteca e súa nai e seu pai deixábanlle ler todo o que quería. Pasou veráns no pazo de Miraflores (Sanxenxo, Pontevedra), do que gardou con agarimo lembranzas que logo incorporaría ás súas novelas.

Leu a Cervantes e a grandes autoras e autores internacionais na súa propia lingua.

Aos nove anos compuxo os seus primeiros versos e aos quince o primeiro conto.

Unha muller do seu talento, de ser un home, faría o bacharelato e logo iría á universidade, pero tivo que casar moi nova, pois na súa época era o que as mulleres debían facer.



“Libros, moitos libros, que eu podía revolver, follear, quitar, pór outra vez no andel!”

Emilia escritora

Nunha época sen electricidade, auga corrente ou teléfono, as mulleres encargábanse de todas as tarefas domésticas. A súa obriga era facer da casa un lugar agradable para a familia.

As mulleres apenas ían á escola, polo que había moi poucas escritoras. As que o intentaban debían escribir sobre temas considerados 'delicados'.

Emilia pola contra desenvolveu un estilo naturalista que describía a realidade con toda a súa crueza e que era pouco apropiado para unha muller do seu tempo.

Despois duns anos dedicados en exclusiva á súa familia, decidiu apostar pola súa carreira literaria e profesional.

Seguirá escribindo novelas, contos, ensaios e artigos periodísticos durante toda a súa vida, converténdose nunha grande escritora e precursora do feminismo. Destacou como crítica literaria, editora e relatora, ademais de ser a primeira catedrática de universidade en España.



Adoitaaba visitar os balnearios de Mondariz e A Toxa, onde lle trataban unha doenza, e participaba en xuntanzas sociais, políticas e culturais con artistas, intelectuais e outras personalidades da época.



Emilia feminista

A prensa feminina chegou a España arredor de 1840 e polo xeral trataba sobre costumes, moda, educación da muller e literatura. Estas revistas criticaban o devezado de saber, defendendo que as mulleres abandonarían os coidados da casa e da familia. Dez anos despois empezou a falarse de que unha muller non tivera que depender economicamente dun home e de que puidera ter un traballo fóra da casa.

Emilia impulsou o seu propio proxecto editorial, a Biblioteca da Muller, para dar a coñecer os textos feministas que se estaban a ler no resto de Europa.

A escritora converteuse nun altofalante de todas as mulleres da época que vivían atrapadas nun mundo no que os homes ditaban que debían facer, dicir e incluso pensar.



“Se na miña tarxeta puxese Emilio, no canto de Emilia, que distinta sería a miña vida”

[...] “Ya sabe usted que mi boda con Bernardo de Meneses parecía reunir todas las condiciones y garantías de felicidad. Además, confieso que mi novio me gustaba mucho, más que ningún hombre de los que conocía y conozco; creo que estaba enamorada de él. Lo único que sentía era no poder estudiar su carácter; algunas personas le juzgaban violento; pero yo le veía siempre cortés, deferente, blando como un guante. [...] Llegó el día de la boda. A pesar de la natural emoción, al vestirme el traje blanco reparé una vez más en el soberbio volante de encaje que lo adornaba, y era el regalo de mi novio. [...] Al precipitarme para saludarle [...] el encaje se enganchó en un hierro de la puerta, con tan mala suerte, que al quererme soltar oí el ruido peculiar del desgarrón y pude ver que un jirón del magnífico adorno colgaba sobre la falda. Solo que también vi otra cosa: la cara de Bernardo, contraída y desfigurada por el enojo más vivo [...] en aquel instante fugaz se alzó un telón y detrás apareció desnuda un alma. [...] Y, sin embargo, fui acercándome al altar, [...] Pero cuando me preguntaron, la verdad me saltó a los labios, impetuosa, terrible... Aquel «no» brotaba sin proponérmelo; me lo decía a mí propia... ¡para que lo oyesen todos!” [...]

(EPB, *El encaje roto*, 1897)

Pregúntalle a túa avoa como eran as cousas na súa xuventude e logo a túa nai. Cales son as diferenzas?

Emilia libertaria

En 1882 escribiu *La tribuna*, a primeira obra naturalista da literatura española. Nun contexto de grandes cambios sociais e políticos publicou unha obra na que a protagonista é unha obreira rebelde nunha fábrica. Esta muller consegue que as súas compañeiras protesten pola explotación que sufrían no traballo concienciándoas sobre os seus dereitos. Para documentarse coñeceu de primeira man a realidade laboral das cigarreiras da Coruña indo á tabacaleira cada día durante dous meses para reunirse con elas. Emilia tamén viviu a inxustiza pola súa condición de muller no seu contorno:

"Cuando yo empecé a escribir, recuerdo que me aconsejaron que adoptara un seudónimo masculino. Protesté, porque mi tendencia es siempre a la franqueza, a huir de todo disfraz. Hoy, pensándolo mejor, creo que me hubiese convenido mucho...[...] a fin de dar chasco a los que, adivinando a posteriori, reconociesen en su estilo el sexo, que es como si le reconociesen en el modo de jugar al tresillo, de confeccionar un plato de cocina, de trazar un plano o de regar un arbusto"

(EPB, "La vida contemporánea", revista *La Ilustración Artística*, 1907).

Pensaba que era necesario un profundo cambio de mentalidade e nos seus escritos denunciou os prexuízos e violencias sobre as mulleres. Emilia mantiña unha intensa correspondencia con importantes figuras da política, da escritura, do xornalismo e do eido editorial, pois era unha muller moi recoñecida nos círculos intelectuais. Esta continuaba durante as súas viaxes, ás que era moi afeccionada, e as estancias por descanso en Galicia.



Merca unha postal da túa vila ou dun sitio que visites e mándalla a unha persoa que estimes.



Emilia e as súas receitas

Emilia Pardo Bazán, sabedora do alcance dos libros de cociña na súa época, decide utilizalos como canle para introducir as súas receitas de pensamento crítico.

A escritora usa como fío condutor as receitas de cociña para crear unha obra chea de referencias literarias e históricas e nega a idea de que a cociña sexa só cousa de mulleres. É sabido que debe ser unha tarefa compartida na que homes e mulleres teñen que implicarse na mesma medida. Neste texto afirma:

“La cocina es, en mi entender, uno de los documentos etnográficos importantes [...] La alimentación revela lo que acaso no descubren otras indagaciones de carácter oficialmente científico. [...] Hay platos de nuestra cocina nacional que no son menos curiosos ni menos históricos que uña medalla, un arma o un sepulcro”.

(EPB. *La cocina española antigua*, 1913)

Emilia aproveita as páxinas deste libro para arremeter contra a Real Academia Española, da que quería ser membro. Nese momento histórico era algo prohibido ás mulleres, que non comezarían a ingresar ata 1978. En 1889 cando as mulleres non tiñan dereito político e case ningún dereito social, era algo imposible. Aínda hoxe o número de representantes femininas é moi baixo.

HUEVOS MARINADA

Cuézanse huevos hasta endurecer, córtense a la mitad, a lo alto, quítense las yemas, y llénense las claras con colitas de camarón recubiertas de salsa mayonesa,[...]. Píquense las yemas con lechuga fresca y aceitunas deshuesadas, sazónese como ensalada, y rodéese con este picado las claras, colocadas en una fuente con simetría”.

(EPB. *La cocina española moderna*, 1917)

Hoxe cociñas ti!

Prepara esta receita e sube a foto do teu prato ás redes co hashtag #epbcorresponsabilidade2021

Emilia muller empoderada

Emilia era unha muller moi intelixente, culta e con gran sentido do humor que desenvolveu unha grande actividade intelectual. Unha das súas paixóns era a moda e utilizouna como recurso narrativo na descrición de personaxes. A moda é tratada como un tema próximo á arte e afastado da frivolidade que se lle pode presupoñer. Escribiu, por exemplo, sobre a vestimenta feminina defendendo prendas que se adaptaran ás tarefas e apoiando o traxe pantalón que comezaba a vestirse noutras partes de Europa e nos Estados Unidos e que era toda unha novidade no momento:

[...]“Me parecerá siempre más escandaloso que la mujer se degrade y caiga en la abyección por no poder ganarse honradamente la vida, que ver expuesto en un escaparate un traje airoso y práctico, cuya creación, obra de eminente sastre inglés, se debe a la necesidad en que se ven muchas norteamericanas de andar aprisa y no enredarse en las enaguas cuando suben a tranvías, coches y barcos de vapor”. (EPB. *Por Francia y por Alemania*, 1890)



Debúxate neste marco cos complementos que máis che gusten: retrata a túa autenticidade.



“A moda non é algo arbitrario. Por iso merece considerarse como unha importante manifestación social e artística.”

Centenario do seu pasamento

O 12 de maio de 1921 faleceu despois dunha vida dedicada á literatura e deixando un amplo legado de obras nas que sempre defendeu a igualdade de dereitos das mulleres nunha serie de escritos que hoxe están plenamente vixentes e nos que se poden atopar numerosas reflexións feministas de actualidade.

“Eu son unha radical feminista; creo que todos os dereitos que ten o home debe telos a muller”



EDITA
Deputación de Pontevedra

CONTIDO
taller aberto_ gestión cultural

MAQUETACIÓN
Era Comunicación

IMAXES
Real Academia Galega e Casa-Museo Emilia Pardo Bazán

Nota: os extractos das súas obras están na lingua orixinal.